

Programación de Piano

Complementario

Índice

1. Introducción	5
1.1. Marco Legal	5
1.2. Características do centro	7
1.3. Características do alumnado	7
2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais	9
2.1. Grao Profesional	9
3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais	10
4. Obxectivos e criterios de avaliación da materia de Piano Complementario	12
4.1. Grao profesional da materia de Piano Complementario	12
4.2. Obxectivos	12
4.3. Contidos	13
4.4. Criterios de avaliación	14
5. Metodoloxía	16
5.1. Principios metodolóxicos	16
5.2. Métodos didácticos	17
6. Atención á diversidade	19
7. Temas transversais	20
7.1. Educación en valores	20
7.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	21
8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	22
8.1. Cursos e clases maxistras	22
8.2. Audicións	22
9. Secuenciación por cursos	24
9.1. Curso: 3º de Grao Profesional	24
9.1.1. Obxectivos	24
9.1.2. Contidos	24
9.1.3. Avaliación	26
9.1.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	27
9.1.5. Medidas de recuperación	28
9.1.6. Recursos didácticos	29
9.2. Curso: 4º de Grao Profesional	30
9.2.1. Obxectivos	30
9.2.2. Contidos	30
9.2.3. Avaliación	32
9.2.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	33

9.2.5.	Medidas de recuperación.....	34
9.2.6.	Recursos didácticos.....	34
9.3.	Curso: 5º de Grao Profesional	36
9.3.1.	Obxectivos	36
9.3.2.	Contidos.....	36
9.3.3.	Avaliación.....	38
9.3.4.	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	40
9.3.5.	Medidas de recuperación.....	40
9.3.6.	Recursos didácticos.....	41
9.4.	Curso: 6º de Grao Profesional	42
9.4.1.	Obxectivos	42
9.4.2.	Contidos.....	43
9.4.3.	Avaliación.....	45
9.4.4.	Medidas de recuperación.....	47
9.4.5.	Recursos didácticos.....	47
10.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	49
11.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	50
12.	ANEXOS	51
12.1.	Proba de acceso a 4º de Grao Profesional	51
12.1.1.	Contidos.....	51
12.1.2.	Criterios de avaliación.....	51
12.1.3.	Criterios de cualificación	51
12.2.	Proba de acceso a 5º de Grao Profesional	52
12.2.1.	Contidos.....	52
12.2.2.	Criterios de avaliación.....	52
12.2.3.	Criterios de cualificación	52
12.3.	Proba de acceso a 6º de Grao Profesional	53
12.3.1.	Contidos.....	53
12.3.2.	Criterios de avaliación.....	53
12.3.3.	Criterios de cualificación	53

1. Introducción

A presente Programación Didáctica de Piano Complementario está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo dos catro cursos do grao profesional, e foi realizada polo profesorado do departamento de Tecla de acordo co currículo oficial vixente para a materia e co proxecto educativo do centro, como así establecen os artigos 5º e 10º do capítulo II dos Decretos 198/2007 e 203/2007, do 27 de setembro, respectivamente.

Este documento inclúe, ademais dos obxectivos e contidos, a metodoloxía que se vai a seguir (indicando materiais e recursos didácticos que se empregarán), a avaliación e os seus tipos, procedementos e ferramentas (tanto da aprendizaxe coma da ensinanza e da propia programación), a atención á diversidade, e outras informacións que consideramos de interese e necesidade para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Entendemos esta programación didáctica como un instrumento flexible, que permite adaptarse ás circunstancias concretas do alumnado en cada momento do seu proceso de aprendizaxe, pero ao mesmo tempo, tamén como marco de referencia que lle dá forma á nosa ensinanza garantizando que aqueles alumnos e alumnas dun mesmo nivel, e incluso con diferente profesorado, poidan acceder a unha ensinanza que favoreza a consecución dunhas competencias mínimas equiparables.

1.1. Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas esta-

blecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

- **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.
- **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.

- **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

1.2. Características do centro

O CMUS Profesional de Lalín é un Conservatorio de Música Municipal encadrado dentro dun Patronato Cultural. O Conservatorio atópase nun edificio situado ao noreste da vila de Lalín, na zona escolar denominada rúa do parque nº 10. A rúa do Centro é unha rúa morta, sen saída, que dá acceso ao IES Ramón M^a Aller Ulloa e ao Parque do Pontiñas.

O edificio que alberga ao CMUS Profesional de Lalín é o Auditorio Municipal de Lalín. Este edificio divídese en dúas zoas de aulas diferenciadas divididas pola Sala “Tuno Valdés”. O Centro conta con dúas zonas de aulas, dous auditorios, biblioteca, zona de oficinas, cabinas de estudo, etc. O edificio está compartido con outras asociacións e diversas actividades culturais

Lalín está situado na Comarca do Deza, corazón de Galicia, nunha zoa de ampla influencia musical, rodeado por Concellos con numerosas bandas de música.

O horario do CMUS é de tarde, durante o curso escolar é dende as 15:30 ata as 22:00 horas.

1.3. Características do alumnado

O centro conta cunha media de 175 alumnos e alumnas, variando a súa procedencia segundo a idade e o curso que realizan. Así, a maioría dos alumnos do grao elemental pertencen ao concello de Lalín, agás algúns que veñen para cursar especialidades como piano. No Grao Profesional atopámonos con alumnos de Concellos próximos como Silleda, Agolada, Chantada, etc.

Un feito que condiciona a permanencia no CMUS dos alumnos é o momento no que acoden á Universidade, provocando o maior número de baixas entre o

alumnado, posto que se teñen que desprazar a vivir lonxe.

Hai que destacar a importancia das bandas de música na nosa zoa de influencia, feito que condiciona a elección do instrumento e o interese polo estudo do mesmo.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Conservatorio.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o grao no que se atopan: os/as alumnos/as de grao elemental teñen como principal obxectivo obter unha formación que lles permita gozar da música e poder continuar os seus estudos. O alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e, se cadra, continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

O clima existente entre o alumnado e o profesorado do centro é óptimo, sendo este un dos valores máis apreciados por ambas partes.

É de destacar que as preferencias do alumnado no seu tempo de lecer, sigan relacionadas coa música, debido á importancia que dan á asistencia a concertos ou á escoita da mesma na casa.

Como conclusión, extraemos que ao ser este un centro de ensinanzas artísticas o grao de satisfacción do alumnado co centro é alto, por non ser obrigatorios os devanditos estudos.

2. Obxectivos xerais das ensinanzas musicais

2.1. Grao Profesional

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, indica no artigo 2º que a súa finalidade é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, ordenándose en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Esta finalidade acádase ao longo dos seis cursos dos que consta este grao coa consecución dos seguintes obxectivos que aparecen enumerados no artigo 3º do mesmo Decreto:

- a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos das ensinanzas musicais

A diferenza do Decreto 198/2007, que establece a ordenación do currículo das ensinanzas elementais, no Decreto 203/2007 de ordenación das ensinanzas profesionais recóllense no artigo 6º os obxectivos específicos destas, que serán desenvolvidos de xeito máis concreto no currículo de cada materia e que citaremos nos seguintes apartados deste mesmo punto.

Estes obxectivos específicos ou capacidades que deben ser adquiridos polo alumnado do grao profesional das ensinanzas de música son:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exixencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

4. Obxectivos e criterios de avaliación da materia de Piano Complementario

4.1. Grao profesional da materia de Piano Complementario

Ata o momento actual, o piano estivo presente como materia obrigatoria en certas carreiras musicais, para as cales se esixía, polo menos, o grao elemental do devandito instrumento. Nestes casos, o nivel de esixencia en canto á capacidade técnico-interpretativa foi sempre o mesmo para pianistas e para non pianistas, e en nada se diferenciaba a metodoloxía a seguir nuns e noutros casos. Por outra parte, esa obrigatoriedade do piano non consideraba a posible necesidade que del puidesen ter outros instrumentistas, senón que se refería solamente a compositores, directores, musicólogos, cantantes, etc.

O ensino do piano complementario non se orientará tanto cara ao desenvolvemento dunha gran capacidade técnica como a potenciar outros aspectos, tales como a percepción global da polifonía, audición interna, habilidade na lectura a primeira vista, etc. Por suposto, convén ter en moi en conta que a capacidade de realización ao teclado estará sempre condicionada polo grao de dominio alcanzado na técnica do instrumento, pero é evidente que, neste sentido, os niveis que se fixen teñen que estar por debaixo dos que se lle esixen normalmente ao pianista, se non se quere interferir gravosamente no que para cada estudante suporá a finalidade principal do seu traballo.

4.2. Obxectivos

O ensino do piano complementario no grao profesional terá coma obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- b) Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, enfrontándose á dificultade dun certo nivel.
- c) Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura á primeira vista.
- d) Ler con fluidez partituras polifónicas, con plena comprensión das súas formulacións harmónicas así como dos seus aspectos lineais ou contrapuntísticos.

4.3. Contidos

1. Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, ligada a un principio de utilización consciente do peso do brazo
2. Planificación do traballo de técnica tendo en conta a unidade dos factores que a determinan.
3. Desenvolvemento da técnica digital (independencia, velocidade, forza e resistencia nos movementos de articulación dos dedos e desenvolvemento da técnica braquial, caída e lanzamentos de antebrazo e brazo, movementos de rotación e circulares da man e pulso, desprazamentos laterais, etc.)
4. Principios de dixitación pianística.
5. Práctica de diversos modos de pulsación ou ataques posibles, en función sempre da dinámica, o frase e o sentido musical xeral do fragmento que se trate.
6. Desenvolvemento dunha técnica polifónica básica.
7. Coñecemento dos pedais e das súas funcións.
8. Práctica intensiva da lectura á primeira vista.
9. Lectura harmónica (lectura de acordes, series de acordes enlazados, acordes despregados en toda a súa variedade de presentacións posibles, tales como fórmulas do tipo baixo Alberti, acordes partidos, despregados de diversas maneiras, arpexados, etc.) e lectura contrapuntística, estritamente lineal, a dúas e incluso a tres voces.
10. Estudo de obras do repertorio pianístico de dificultade progresiva, prestando especial atención a todo aquel material de traballo que contribúa de maneira especial á capacidade de aprender e de realizar de forma inmediata no teclado a escritura polifónica, posto que niso reside a utilidade esencial da disciplina.

4.4. Criterios de avaliación

1. Ler textos a primeira vista. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto instrumental.
2. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía de traballo que lle permita unha certa valoración do seu rendemento.
3. Interpretar obras de acordo cos criterios de estilo correspondentes. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
4. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos ou voces. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado de adaptarse musical e sonoramente aos seus compañeiros/as para realizar un traballo común.
5. Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar a análise como medio para achar a estrutura harmónica subxacente nun fragmento de música, e determinar os diferentes tratamentos a que foi sometida polo compositor ou compositora para a realización da obra.
6. Redución harmónica dun fragmento sinxelo de música escrita para un instrumento polifónico. Mediante este criterio poderanse avaliar os coñecementos analíticos do alumnado no referente á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado principalmente na eliminación de todo o que non sexa esencial desde o punto de vista das devanditas estruturas.
7. Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións

armónicas típicamente piañísticas (arpexos, etc). Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade de síntese do alumnado e a súa rapidez na realización de pasaxes harmónicas simples, pero de execución relativamente complicada.

8. Repentización dunha partitura participando dun grupo de instrumentos ou no acompañamento a un solista. Trátase de avaliar o grao de desenvolvemento dos reflexos e demais calidades que son estimuladas no alumnado a través da lectura improvisada formando parte dun grupo de instrumentistas ou no acompañamento a un solista vocal e instrumental.

5. Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza do Piano Complementario, ao ter unha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán individuais e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o profesor en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que os coñecementos que adquira poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos.

Para dar reposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

5.1. Principios metodolóxicos

Os principios que rixen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da materia de Piano Complementario require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os nosos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social do alumnado.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.

- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.
- **Interdisciplinabilidade:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

5.2. Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construíndo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.

b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.

c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.

d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que

ese tempo sexa eficiente.

6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os alumnos que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos os alumnos aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a aula de Piano Complementario teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que plantexen diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Plantexar actividades de diferente dificultade e integrar aos alumnos na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognitivas por encima da media, é un sistema educativo cercano ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes asignaturas que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

7.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto tono muscular. Ademáis, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto productivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademáis de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles

a forzar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.

- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como pode ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

7.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Dentro da Sección II do Proxecto Educativo de Centro do noso conservatorio, referente ás normas de organización e funcionamento, e concretamente no título cuarto do capítulo 4, establécese que estas actividades se poderán clasificar en actos institucionais, cursos e clases maxistras, audicións e outros.

O alumnado de Piano Complementario terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende o Departamento de Tecla.

A organización de todas as actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio correspóndenlle, como norma xeral, ao Equipo de Actividades Culturais e á Vicedirección como coordinadora do dito equipo. Para todas estas actividades agás as audicións de aula (non sendo casos especiais que así o requiran), establecerase un plan de actuación que pode ser consultado no artigo 36º do título cuarto da sección do Proxecto Educativo do Centro anteriormente citado.

8.1. Cursos e clases maxistras

Os cursos e clases maxistras que se desexen organizar, una vez aprobados no seo do departamento correspondente, trasladaranse ao Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizadas pasarán a ter consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que o Departamento de Tecla teña algunha proposta, ésta deberá ser tratada no mes de setembro e sería incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esa data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas pola Dirección do centro.

8.2. Audicións

Atendendo ao que se contempla no currículo do Grao Profesional, cada Departamento organizará audicións de alumnos abertas ao público e que se celebrarán de xeito continuado ao longo do curso.

Solicitarase dos departamentos colaboración para a elaboración dos calenda-

rios coas propostas de datas para as diferentes audicións que se queiran organizar. Estas propostas serán estudadas para poder adxudicar datas, espazos e horarios definitivos.

O Departamento de Tecla poderá organizar audicións, que poderán ser tanto na aula coma no auditorio do centro, ao longo do curso, nas que o alumnado poderá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando ao que o seu profesor lle asigne, dentro do amplo abano de actividades que recole a materia de Piano Complementario.

9. Secuenciación por cursos

9.1. Curso: 3º de Grao Profesional

9.1.1. Obxectivos

- Iniciarse no estudo e a práctica do piano, coma valioso elemento na súa formación global como músico.
- Desenvolver as capacidades de expresión a través dun novo medio.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Desenvolver, de xeito adecuado ao nivel, a capacidade de comprensión polifónica e contrapuntística e a súa realización sobre o teclado.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, en textos propios deste primeiro curso.
- Adquirir progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista.
- Coñecer e realizar diferentes tipos de acompañamentos sinxelos, adaptándoos a una estrutura harmónica determinada.
- Adquirir destreza na lectura de baixos cifrados e a súa realización a catro voces.

9.1.2. Contidos

Contidos xerais:

- Posición base na execución pianística.
- Percepción interna da propia relaxación e da utilización consciente do peso do brazo.
- Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, coordinación, velocidade, forza e resistencia nos movementos articulares dos dedos).
- Desenvolvemento da técnica braquial (caída e lanzamento de antebrazo e brazo, movementos de rotación da man, desplazamentos laterais, etc.).

- Principios de dicitación pianística.
- Práctica dos diversos modos de pulsación e ataque en función da dinámica, o fraseo e o sentido musical.
- Coñecemento do instrumento.
- Coñecemento dos pedais e a súa función.
- Lectura harmónica (acordes e as súas inversións, enlaces dos mesmos, modelos de acompañamento adaptados a cada estrutura).
- Lectura contrapuntística.
- Lectura de partituras a primeira vista.
- Realización de acompañamentos de melodías instrumentais ou vocais.
- Elaboración de melodías e acompañamentos sobre estruturas harmónicas dadas.
- Análise harmónica de fragmentos sinxelos de música para teclado.

Contidos específicos:

Técnica:

- Adquisición e desenvolvemento de hábitos de postura e relaxación axeitados á execución pianística (brazo, antebrazo, man,...).
- Dicitación de escalas e acordes básicos.
- Articulacións (legato, staccato, portato,...).
- Diferenciación dinámica básica (piano-forte).
- Noción de fraseo.
- Nocións básicas de pedalización.
- Escalas e arpejos.

Lectura a vista:

- A dúas claves e ámbito reducido para ambas as dúas mans.
- Alternancia na participación de ambas as dúas mans.
- Lectura harmónica de melodías con acompañamentos sinxelos.
- Lectura contrapuntística: movementos paralelos e contrarios.

Acompañamento e improvisación:

- Cifrado funcional.
- Graos tonais.
- Enlaces harmónicos.
- Estructuras harmónicas de catro a oito compases.
- Frase, semifrase. Análise de partituras sinxelas de pouca extensión.
- Tonalidades maiores e os seus relativos menores.

Interpretación:

- Estudo de pequenas pezas de diversos estilos axeitadas ao nivel do curso e ás características individuais do alumnado.

9.1.3. **Avaliación**

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

9.1.3.1. **Criterios de avaliación**

- Ler textos a primeira vista.
- Amosar no traballo semanal a capacidade de aprendizaxe progresiva e

individual.

- Interpretar textos de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Actuar coma membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.
- Ler baixos cifrados e realizados a catro voces no teclado, partindo de diferentes posicións.
- Interpretación dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista.

9.1.3.2. Mínimos esixibles

- Interpretar pezas/obras de pequeno formato axeitadas ao nivel deste curso e ás características individuais do alumnado.
- Acompañar melodías con estruturas harmónicas dadas ou propias.
- Ler textos a primeira vista.
- Realizar a catro voces baixos cifrados.

9.1.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación da materia será continua e nela o profesor valorará de xeito constante o progreso que o alumnado vai experimentando durante todo o curso, así como a súa actitude e asistencia, recomendando dita información no caderno de aula.

9.1.3.4. Criterios de cualificación

Interpretación	20 %
Lectura a vista	20 %
Acompañamento, improvisación	20 %
Traballo semanal e actitude	40 %

9.1.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumnado que aspire a ampliar matrícula deberá:

- Aposar que ten adquiridos os obxectivos específicos de todas as áreas

do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando una reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta ao seu departamento.

- Amosar as axeitadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo jefe de Departamento á dirección do centro.

9.1.5. Medidas de recuperación

Consistirá nunha proba onde o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponde á avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos a interpretar.

9.1.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Proba por perda de avaliación continua en xuño: o número de faltas que provocan a perda do dereito de avaliación continua, xustificadas e sen xustificar, será de nove. O alumno terá dereito a un exame, de carácter privado ou público, e o repertorio esixido quedará indicado no informe da materia non superada segundo o criterio do mesmo profesor de acordo coa programación. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso na convocatoria de xuño.

9.1.5.2. Proba extraordinaria

O alumnado que non supere a materia de Piano Complementario ten dereito a unha proba extraordinaria. Será o profesor quen indique, no informe da materia non superada, o repertorio a presentar, de acordo coa programación do curso no que se atope o alumno.

9.1.6. Recursos didácticos

Este Departamento non establece ningún texto, repertorio ou programa como obrigatorio, deixando a criterio de cada profesor o máis axeitado tendo en conta esta programación didáctica e as peculiaridades e necesidades individuais do alumnado. A continuación cítanse algún textos de referencia:

- Método de Piano Moderno Preparatorio 1 e 2, Alfredo Susavila.
- El Piano. Tchokov-Gemiu.
- Suzuki Piano School.
- De Bach a Stravinsky. A Zipilivan
- Mikrokosmos, B. Bartók.
- Piezas fáciles, op.39, op. 89. D. Kabalewski
- Una docena al día. E. M. Burnam.
- Los cinco dedos, op. 77. C. Czeny.
- Estudios op. 59. C. Czerny.
- Estudios op. 100. Burgmuller.
- For children. B. Bartók.
- Álbum de Ana Magdalena.
- Sonatinas. M. Clementi.
- Álbum de la juventud op. 68. R. Schumann.
- Álbum de la juventud. Tchaikovski.
- Ejercicios de Acompañamiento, Capítulo II (bajos cifrados), M. Oltra.
- Specimen Sight-Reading Tests, Alan Ridout.

9.2. Curso: 4º de Grao Profesional

9.2.1. Obxectivos

- Ampliar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nesta materia durante o primeiro curso.
- Desenvolver as capacidades de expresión e percepción co instrumento.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Desenvolver, de modo axeitado a este nivel, a capacidade de comprensión polifónica e contrapuntística e a súa realización práctica sobre o teclado.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, en textos axeitados a este curso.
- Potenciar a habilidade na lectura a primeira vista.
- Coñecer e realizar diferentes tipos de acompañamentos sinxelos, adaptados a unha estrutura harmónica determinada.
- Interpretar textos de características e estilos diferentes.
- Integrarse en dúos ou ben como acompañante de formación vocais e/ou instrumentais, coa esixencia dunha perfecta adaptación musical cos compañeiros.
- Adquirir destreza na lectura de baixos cifrados e a súa realización a catro voces.

9.2.2. Contidos

Contidos específicos

Técnica:

- Adquisición de desenvolvemento de hábitos de postura e relaxación axeitados á execución pianística.
- Dixitación de escalas e acordes.
- Ampliación no emprego de articulacións.
- Traballo con outros elementos expresivos como ritardandos, crescen-

dos, diminuendos, etc.

- Nocións básicas de fraseo.
- Nocións básicas de pedalización.
- Escalas e arpexos.

Lectura a vista:

- Profundización na práctica da lectura a vista nun ámbito reducido.
- Simultaneidade na participación das mans.
- Lectura harmónica: melodías acompañadas con acordes desplegados na man esquerda (baixos de Alberti, arpexos, etc.).
- Lectura contrapuntística: movementos paralelos e contrarios; más dunha voz en cada man en fragmentos breves.

Acompañamento e improvisación:

- Enlaces harmónicos: traballar os baixos e sopranos cifrados partindo das distintas posicións que a man permita.
- Desenvolvemento de patróns rítmicos de acompañamento a dúas mans e coa man esquerda.
- Patrón rítmicos de complexidade crescente: figuración en corcheas, baixos de Alberti, etc.
- Análise formal de textos de maior duración.
- Traballo con cifrado americano: textos de música tradicional e pop-rock.
- Acompañamento de pequenas pezas a diferentes instrumentos ou da especialidade propia.
- Harmonizar melodías con acordes placados e desenvolvendo acompañamentos tipo Alberti.

Interpretación:

- Estudo de pequenos textos de diversos estilos axeitados ao nivel do curso e ás características individuais do alumnado.

9.2.3. **Avaliación**

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

9.2.3.1. **Criterios de avaliación**

- Ler textos a primeira vista.
- Amosar no traballo semanal a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar textos de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Actuar coma membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.
- Ler baixos cifrados e realizados a catro voces no teclado, partindo de diferentes posicións
- Interpretación dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista.
- Realizar acompañamentos a melodías dadas.

9.2.3.2. **Mínimos esixibles**

- Interpretar pezas/obras de pequeno formato axeitadas ao nivel deste curso e ás características individuais do alumnado.

- Realizar acompañamentos a melodías dadas.
- Ler textos a primeira vista.
- Realizar a catro voces baixos ou sopranos cifrados ou sen cifrar.

9.2.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación da materia será continua e nela o profesor valorará de xeito constante o progreso que o alumnado vai experimentando durante todo o curso, así coma a súa actitude e asistencia, recomiendo dita información no caderno de aula.

9.2.3.4. Criterios de cualificación

Interpretación	20 %
Lectura a vista	20 %
Acompañamento, improvisación	20 %
Traballo semanal e actitude	40 %

9.2.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumnado que aspire a ampliar matrícula deberá:

- Amosar que ten adquiridos os obxectivos específicos de todas as áreas do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando una reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta ao seu departamento.
- Amosar as axeitadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo jefe de Departamento á dirección do centro.

9.2.5. Medidas de recuperación

Consistirá nunha proba onde o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponde á avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos a interpretar.

9.2.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Proba por perda de avaliación continua en xuño: o número de faltas que provocan a perda do dereito de avaliación continua, xustificadas e sen xustificar, será de nove. O alumno terá dereito a un exame, de carácter privado ou público, e o repertorio esixido quedará indicado no informe da materia non superada segundo o criterio do mesmo profesor de acordo coa programación. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso na convocatoria de xuño.

9.2.5.2. Proba extraordinaria

O alumnado que non supere a materia de Piano Complementario ten dereito a unha proba extraordinaria. Será o profesor quen indique, no informe da materia non superada, o repertorio a presentar, de acordo coa programación do curso no que se atope o alumno.

9.2.6. Recursos didácticos

Este Departamento non establece ningún texto, repertorio ou programa como obrigatorio, deixando a criterio de cada profesor o máis axeitado tendo en conta esta programación didáctica e as peculiaridades e necesidades individuais do alumnado. A continuación cítanse algún textos de referencia:

- Método de Piano Moderno volumen 1, Alfredo Susavila
- Suzuki Piano School
- De Bach a Stravinsky. A Zipilivan
- Mikrokosmos, B. Bartók.
- Piezas fáciles, op.39, op. 89. D. Kabalewski
- Una docena al día. E. M. Burnam.
- Los cinco dedos, op. 77. C. Czeny.

- Estudios op. 59. C. Czerny.
- Cuadernos de Adriana. A. G. Abril.
- Estudios op. 100. Burgmuller.
- For children. B. Bartók.
- Álbum de Ana Magdalena.
- Sonatinas. M. Clementi.
- Álbum de la juventud op. 68. R. Schumann.
- Álbum de la juventud. Tchaikovski.
- Improvisación al Piano. L. G. Vegas.
- Ejercicios de Acompañamiento, Capítulo II (bajos cifrados), M. Oltra.
- Specimen Sight-Reading Tests, Alan Ridout.

9.3. Curso: 5º de Grao Profesional

9.3.1. Obxectivos

- Ampliar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nesta materia durante os cursos anteriores.
- Desenvolver as capacidades expresivas e perceptivas.
- Ampliar o coñecemento das características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Desenvolver, de modo axeitado a este nivel, a capacidade de comprensión polifónica e contrapuntística e a súa realización práctica sobre o teclado.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, en textos axeitados a este curso.
- Potenciar a habilidade na lectura a primeira vista.
- Iniciarse na improvisación melódica sobre os seguintes modos: dórico, frigio, lidio, mixolidio, empregando as cadencias características de cada un deles.
- Ampliar a destreza na lectura e interpretación do cifrado americano.
- Ampliar a harmonización de melodías dadas mediante acompañamentos tipo Alberti, desenvolvendo as funcións tonais.
- Interpretar textos de características e estilos diferentes.
- Integrarse en dúos ou ben como acompañante de formación vocais e/ou instrumentais, coa esixencia dunha perfecta adaptación musical cos compañeiros.
- Ampliar a destreza na lectura de baixos cifrados e a súa realización a catro voces.

9.3.2. Contidos

Contidos xerais:

- Desenvolvemento da técnica pianística.
- Percepción interna da propia relaxación e da utilización consciente do

peso do brazo.

- Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, coordinación, velocidade, forza e resistencia nos movementos articulares dos dedos).
- Desenvolvemento da técnica braquial (caída e lanzamento de antebrazo e brazo, movementos de rotación da man, desplazamientos laterais, etc.).
- Dixitación pianística.
- Práctica dos diversos modos de pulsación e ataque en función da dinámica, o fraseo e o sentido musical.
- Coñecemento dos pedais e as súas funcións.
- Interpretación de textos a catro mans.
- Lectura harmónica.
- Lectura a primeira vista.
- Realización de acompañamentos de melodías instrumentais ou vocais.
- Elaboración de melodías e acompañamentos sobre estruturas harmónicas dadas ou propias.
- Elaboración de traballos propios de formato libre.
- Análise harmónica de fragmentos sinxelos de música para teclado.

Contidos específicos:

Técnica:

- Ampliación dos recursos técnicos traballados durante os cursos anteriores segundo os diferentes estilos e épocas.
- Significado das indicacións dinámicas e as articulacións segundo o estilo.
- Canalización a través do fraseo axeitado das diferentes tensións/distensións musicais da partitura, provocadas polo ritmo, harmonía, progresións, etc.
- Escalas e arpexos.

Lectura a vista:

- Ampliación do ámbito.
- Lectura de textos de complexidade crecente, ben de fragmentos de música para teclado ou fragmentos de música para piano a catro mans.

Acompañamento e improvisación:

- Lectura de baixos e sopranos cifrados e sen cifrar.
- Harmonizar melodías dadas desenvolvendo as funcións tonais e a complexidade dos acompañamentos.
- Improvisar melódicamente sobre os modos dórico, frigio, lidio, mixolidio, empregando as cadencias características de cada un deles.

9.3.3. **Avaliación**

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

9.3.3.1. **Criterios de avaliación**

- Ler textos a primeira vista.
- Amosar no traballo semanal a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar textos de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Actuar coma membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao

mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

- Ler baixos cifrados e realizados a catro voces no teclado, partindo de diferentes posicións.
- Interpretación dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista.
- Realizar acompañamentos a melodías dadas.
- Introducción á improvisación melódica nos seguintes modos: dórico, frigio, lidio, mixolidio, empregando as cadencias características de cada un deles.

9.3.3.2. Mínimos esixibles

- Interpretar pezas/obras de pequeno formato axeitadas ao nivel deste curso.
- Acompañar melodías con estruturas harmónicas dadas ou propias.
- Ler textos a primeira vista.
- Realizar a catro voces baixos ou sopranos cifrados ou sen cifrar.
- Harmonizar e realizar o acompañamento dunha melodía dada, vocal ou instrumental.
- Improvisar melódicamente sobre algún dos modos traballados durante o curso.

9.3.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación da materia será continua e nela o profesor valorará de xeito constante o progreso que o alumnado vai experimentando durante todo o curso, así coma a súa actitude e asistencia, recomendando dita información no caderno de aula.

9.3.3.4. Criterios de cualificación

Interpretación	20 %
Lectura a vista	20 %
Acompañamento, improvisación	20 %
Traballo semanal e actitude	40 %

9.3.4. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O alumnado que aspire a ampliar matrícula deberá:

- Amosar que ten adquiridos os obxectivos específicos de todas as áreas do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando una reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta ao seu departamento.
- Amosar as axeitadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos brazos marcados polo centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo jefe de Departamento á dirección do centro.

9.3.5. Medidas de recuperación

Consistirá nunha proba onde o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponde á avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos a interpretar.

9.3.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Proba por perda de avaliación continua en xuño: o número de faltas que provocan a perda do dereito de avaliación continua, xustificadas e sen xustificar, será de nove. O alumno terá dereito a un exame, de carácter privado ou público, e o repertorio esixido quedará indicado no informe da materia non superada se-

gundo o criterio do mesmo profesor de acordo coa programación. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso na convocatoria de xuño.

9.3.5.2. Proba extraordinaria

O alumnado que non supere a materia de Piano Complementario ten dereito a unha proba extraordinaria. Será o profesor quen indique, no informe da materia non superada, o repertorio a presentar, de acordo coa programación do curso no que se atope o alumno.

9.3.6. Recursos didácticos

Este Departamento non establece ningún texto, repertorio ou programa como obrigatorio, deixando a criterio de cada profesor o máis axeitado tendo en conta esta programación didáctica e as peculiaridades e necesidades individuais do alumnado. A continuación cítanse algún textos de referencia:

- Método de Piano Moderno Volumen 2, Alfredo Susavila.
- Suzuki Piano School.
- De Bach a Stravinsky, A Zipilivan.
- Mikrokosmos, B. Bartók.
- Piezas fáciles, op.39, op. 89. D. Kabalewski.
- Una docena al día libro. E. M. Burnam.
- Los cinco dedos, op. 77. C. Czerny.
- Estudios op. 59. C. Czerny.
- Cuadernos de Adriana. A. G. Abril.
- Estudios. Duvernoy.
- Estudios op. 100. Burgmuller.
- For children. B. Bartók.
- Álbum de Ana Magdalena.
- Sonatinas. M. Clementi.
- Álbum de la juventud op. 68. R. Schumann.

- Álbum de la juventud. Tchaikovski.
- Armonía funcional aplicada al Jazz y la Música Pop, Jacques Luce
- The Real Book, varios autores
- The Real Vocal Book, varios autores.
- Specimen Sight-Reading Tests, Alain Ridout

9.4. **Curso: 6º de Grao Profesional**

9.4.1. **Obxectivos**

- Ampliar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nesta materia

durante os cursos anteriores.

- Desenvolver as capacidades expresivas e perceptivas.
- Ampliar o coñecemento das características e posibilidades sonoras do instrumento.
- Desenvolver, de modo axeitado a este nivel, a capacidade de comprensión polifónica e contrapuntística e a súa realización práctica sobre o teclado.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, en textos axeitados a este curso.
- Potenciar a habilidade na lectura a primeira vista.
- Improvisar melódicamente sobre os modos dórico, frigio, lidio, mixolidio.
- Ampliar a destreza da lectura e interpretación do cifrado americano.
- Coñecer e realizar diferentes tipos de acompañamentos, adaptados a unha estrutura harmónica determinada.
- Interpretar textos de características e estilos diferentes.
- Integrarse en dúos ou ben como acompañante de formación instrumentais e/ou vocais, coa esixencia dunha perfecta adaptación musical cos seus compañeiros.

9.4.2. **Contidos**

Contidos xerais:

- Desenvolvemento da técnica pianística.
- Percepción interna da propia relaxación e da utilización do peso do brazo.
- Desenvolvemento da técnica dixital.
- Desenvolvemento da técnica braquial.
- Desenvolvemento da dixitación pianística.
- Desenvolvemento dos diversos modos de pulsación e ataque en función da dinámica, o fraseo e o sentido musical.
- Interpretación de textos a catro mans.

- Lectura harmónica.
- Lectura contrapuntística.
- Lectura de textos a primeira vista.
- Ampliar a realización de acompañamentos de melodías instrumentais e/ ou vocais.
- Elaboración de melodías e acompañamentos sobre estruturas harmónicas dadas ou propias.
- Elaboración de traballos propios de formato libre.
- Análise harmónica de fragmentos de música para teclado.

Contidos específicos:

Técnica:

- Ampliación dos recursos técnicos traballados durante os cursos anteriores.
- Escalas e arpexos.
- Emprego de recursos técnicos de certa complexidade como oitavas ou notas dobres en fragmentos breves.
- Perfeccionamento do fraseo e dos conceptos estilísticos.

Lectura a vista:

- Práctica da lectura a vista de textos de carácter harmónico e contrapuntístico.

Acompañamento e improvisación:

- Profundización no manexo do cifrado americano.
- Lectura de baixos e sopranos cifrados e sen cifrar.
- Inicio de composición de melodías para a especialidade instrumental con acompañamento de piano, sobre algún dos modos traballados durante o curso.
- Ampliación da improvisación melódica sobre os modos dórico, frigio, lidio, mixolidio, empregando as cadencias características de cada un

deles.

- Ritmos de música pop-rock, latina, popular, jazz, etc.
- Desenvolvemento da improvisación melódica sobre os seguintes modos: dórico, frigio, lidio, mixolidio, empregando as cadencias características de cada un deles.

9.4.3. **Avaliación**

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

9.4.3.1. **Criterios de avaliación**

- Ler textos a primeira vista.
- Amosar no traballo semanal a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar textos de acordo cos criterios de estilo correspondentes.
- Actuar coma membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

- Ler baixos cifrado e realízalos a catro voces no teclado, partindo de diferentes posicións.
- Interpretación dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista.
- Compoñer ou improvisar traballos propios ou realizar acompañamentos a melodías dadas, vocais ou instrumentais.

9.4.3.2. Mínimos esixibles

- Interpretar pezas para piano axeitadas ao nivel deste curso (mínimo 3)
- Compoñer ou improvisar melodías con estruturas harmónicas dadas ou propias.
- Ler textos a primeira vista.
- Realizar a catro voces baixos cifrados ou harmonizar unha melodía dada.
- Improvisar melódicamente sobre algún dos modos traballados durante o curso.

9.4.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación da materia será continua e nela o profesor valorará de xeito constante o progreso que o alumnado vai experimentando durante todo o curso, así coma a súa actitude e asistencia, recollendo dita información no caderno de aula.

9.4.3.4. Criterios de cualificación

Interpretación	20 %
Lectura a vista	20 %
Acompañamento, improvisación	20 %

Traballo semanal e actitude

40 %

9.4.4. Medidas de recuperación

Consistirá nunha proba onde o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponde á avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos a interpretar

9.4.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Proba por perda de avaliación continua en xuño: o número de faltas que provocan a perda do dereito de avaliación continua, xustificadas e sen xustificar, será de nove. O alumno terá dereito a un exame, de carácter privado ou público, e o repertorio esixido quedará indicado no informe da materia non superada segundo o criterio do mesmo profesor de acordo coa programación. A nota resultante da proba será a que figure como cualificación final da materia no curso na convocatoria de xuño.

9.4.4.2. Proba extraordinaria

O alumnado que non supere a materia de Piano Complementario ten dereito a unha proba extraordinaria. Será o profesor quen indique, no informe da materia non superada, o repertorio a presentar, de acordo coa programación do curso no que se atope o alumno.

9.4.5. Recursos didácticos

Este Departamento non establece ningún texto ou repertorio como obrigatorio, deixando a criterio de cada profesor o máis axeitado tendo en conta esta programación didáctica e as peculiaridades e necesidades individuais do alumnado. A continuación cítanse algúns textos de referencia:

- Método de Piano Moderno volumen 3, Alfredo Susavila.
- Suzuki Piano School.
- De Bach a Stravinsky. A Zipilivan.
- Mikrokosmos, B. Bartók.
- Piezas fáciles, op.39, op. 89. D. Kabalewski.

- Una docena al día libro, E. M. Burnam.
- Estudios op. 59. C. Czerny.
- Cuadernos de Adriana. A. G. Abril.
- Estudios op. 100. Burgmuller.
- For children. B. Bartók.
- Álbum de Ana Magdalena.
- Sonatinas. M. Clementi.
- Álbum de la juventud op. 68. R. Schumann.
- Álbum de la juventud. Tchaikovski.
- Armonía funcional aplicada al Jazz y la Música Pop, Jacques Luce.
- The Real Book, varios autores.
- The Real Vocal Book, varios autores.
- Specimen Sight-Reading Tests, Alan Ridout.

10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que “[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]”, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Piano para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro.
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado.
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos.
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

11. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

12. ANEXOS

12.1. Proba de acceso a 4º de Grao Profesional

12.1.1. Contidos

- Escalas maiores ata unha alteración, cunha extensión mínima de dúas oitavas.
- 3 pezas de repertorio pianístico de diferentes estilos, dun nivel acorde ao curso.
- Lectura a primeira vista de música para piano, cunha extensión non superior aos 8 compases.
- Realizar un baixo cifrado a catro voces, cunha extensión de entre 4 e 8 compases.

12.1.2. Criterios de avaliación

- Amosar que ten adquiridos os obxectivos correspondentes ao curso ao que aspira.

12.1.3. Criterios de cualificación

Escalas	10 %
Repertorio	50 %
Lectura a vista	20 %
Baixo cifrado	20 %

12.2. Proba de acceso a 5º de Grao Profesional

12.2.1. Contidos

- Escalas maiores ata dúas alteracións, cunha extensión mínima de dúas oitavas.
- 3 pezas do repertorio pianístico de diferentes estilos, dun nivel acorde ao curso ao que se aspira.
- Lectura a primeira vista un texto de música para piano, cunha extensión non superior aos 8 compases, ou ben un fragmento de música para piano a catro mans, cunha extensión de entre 8 a 16 compases, no que o aspirante deberá interpretar a parte melódica.
- Realizar un baixo en cifrado común ou americano, a catro voces, cunha extensión de entre 4 e 8 compases, ou harmonizar unha melodía proposta polo tribunal, ben desenvolvendo un acompañamento tipo Alberti, ou ben mediante acordes placados, de igual extensión que o baixo.

12.2.2. Criterios de avaliación

Amosar que ten adquiridos os obxectivos correspondentes ao curso ao que aspira.

12.2.3. Criterios de cualificación

Escalas	10 %
Repertorio	50 %
Lectura a vista	20 %
Baixo cifrado / Harmonización	20 %

12.3. Proba de acceso a 6º de Grao Profesional

12.3.1. Contidos

- Escalas maiores ata tres alteracións, cunha extensión mínima de dúas oitavas.
- 3 pezas do repertorio pianístico de diferentes estilos, dun nivel acorde ao curso.
- Lectura a primeira vista un texto de música para piano, cunha extensión non superior aos 8 compases, ou ben un fragmento de música para piano a catro mans, cunha extensión de entre 8 a 16 compases, no que o aspirante deberá interpretar a parte melódica.
- Harmonizar unha melodía proposta polo tribunal, ben desenvolvendo un acompañamento tipo Alberti, ben mediante acordes placados, ou improvisar unha melodía sobre un dos seguintes modos: dórico, frigio, lidio, mixolidio, empregando as cadencias características de cada un deles, cunha extensión de entre 8 e 16 compases.

12.3.2. Criterios de avaliación

Amosar que ten adquiridos os obxectivos correspondentes ao curso ao que aspira.

12.3.3. Criterios de cualificación

Escalas	10 %
Repertorio	50 %
Lectura a vista	20 %
Harmonización / Improvisación	20 %